

**PROXECTO DE INVESTIGACIÓN DUNHA TESE DE DOUTORAMENTO:
INFORME PARCIAL SOBRE MATERIAIS DIDÁCTICOS E
ADMINISTRACIÓN LOCAL**

**RESEARCH PROJECT OF A DOCTORAL THESIS: RESEARCH PROGRESS REPORT
ABOUT EDUCATIONAL MEDIA AND LOCAL GOVERNMENT**

Denébola Álvarez Seoane

Grupo de Investigación Stellae

Dpto. de Didáctica e Organización Escolar

Universidade de Santiago de Compostela

carmendenebola.alvarez@usc.es

RESUMO

A través deste artigo búscase facer visible o proxecto de investigación dunha tese de doutoramento que abarca o eido da elaboración de materiais didácticos no ámbito municipal. Dunha banda, sitúanse os procesos de creación de materiais didácticos, co que isto supón paralelamente de avaliación do modelo pedagóxico, do modelo de profesionalidade docente, das finalidades educativas e das estratexias didácticas, e doutra banda, sitúase o rol que asumen as administracións locais da provincia de A Coruña nos procesos de creación de materiais didácticos, que implican un análise das políticas de elaboración e difusión, da natureza dos materiais, do uso planificado e 'real', do perfil profesional e formativo das autoras e dos autores dos materiais, así como a influencia dos orzamentos e da lexislación en materia local na permanencia a longo prazo de políticas de impulso e creación de materiais didácticos territorializados. Preséntanse a continuación os apartados propios do informe parcial do proxecto de investigación: definición, xustificación, obxectivos, hipóteses, mostra, metodoloxía e primeiros resultados.

Palabras chave: doutoramento, tecnoloxía educativa, materiais didácticos, administración local

ABSTRACT

This article shows the research project of a doctoral thesis about educational media design in local context by Spanish councils. On the one hand, we will study the creation process paying attention to the teaching model, to the model of teacher professionalization, to educational aims, to didactic strategies. On the other hand we will try to clarify the role taken on by local authorities in the design of educational resources. This will involve an analysis of actions carried out by the municipalities, the model for teaching materials, the influence of the professional and educational profile of the authors, the influence of the budgets and the local legislation in long-term retention policy of supporting and creating teaching materials territorialized. The following are the sections of the research progress report: definition, justify, objectives, hypothesis, sample, methodology and early results.

Keywords: doctorate, educational technology, teaching aid, local government

INTRODUCCIÓN

No contexto da Didáctica os materiais teñen alcanzado un lugar significativo debido fundamentalmente ao énfase posto neles no discurso político e psicopedagóxico despregado en torno á Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo e pola vertixinosa evolución que teñen sufrido as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Ademais a investigación e a publicación sobre materiais didácticos lles ten conferido relevancia como elemento nos procesos de mediación didáctica, especialmente o valor de evitar deixar as decisións en mans da improvisación. Mais a problemática dos materiais para o traballo educativo vense facendo cada vez máis complexo ao tempo que entran en xogo [novos] intereses educativos, culturais e económicos.


Por exemplo, na sociedade do século XXI é cada vez máis frecuente que a educación teña lugar fóra da escola, sexa independente desta e se faga explícita e visible; de xeito que o sistema escolar xa non se contempla como o único sistema educativo, senón que a Educación Social da conta de múltiples contextos comunitarios. Ao tempo, dende os anos 80 vense desenvolvendo, dun xeito desigual no territorio español e no galego, a filosofía de Cidade Educadora e, polo tanto, os concellos están a asumir novas responsabilidades independentemente das competencias transferidas polo Estado e polas Comunidades Autónomas.

Unha das funcións que as administracións locais están a asumir é a participación, dende diversos roles, na creación de materiais didácticos contextualizados territorialmente e que buscan dar resposta a necesidades específicas. Mais, como puxo de manifesto o libro coordinado por Area, Parcerisa e Rodríguez (2010), existe unha ampla potencialidade e diversidade de posibilidades nos contextos comunitarios, entre os que se atopa o municipal, pero falta moito camiño que percorrer en tanto á reflexión e á difusión das experiencias existentes.

1. DEFINICIÓN E XUSTIFICACIÓN DA INVESTIGACIÓN

Na actualidade, sabemos que o análise dos recursos pensados para o ámbito comunitario é aínda incipiente e descoñecemos as características didáctico-pedagóxicas dos materiais elaborados con apoio da administración local e tamén descoñecemos cales son as decisións tomadas nas Administracións Locais en relación co apoio á creación de materiais didácticos na provincia de A Coruña. Situámonos así fronte á necesidade de querer comprender aos Concellos que están a producir materiais didácticos, pero tamén de querer estudar que funcións desempeñan eses materiais.

Con tal finalidade levouse a cabo unha revisión bibliográfica das investigacións existentes e das liñas de investigación abertas entorno á tecnoloxía educativa, á elaboración e avaliación de materiais didácticos e ás accións educativas municipais. Atendendo aos criterios citados elaboráronse tres preguntas específicas que guíen o análise documental, a elaboración dos instrumentos e a interpretación (ver ilustración nº 1): que discurso sosteñen as Administracións Locais que apoian a produción de materiais didácticos? Que dificultades e facilidades atopan as Administracións Locais no camiño? Que implicacións didácticas teñen os materiais didácticos creados co apoio da Administración Local?



Fonte: elaboración propia
 Ilustración nº 1. Bloques de contido da investigación

Máis alá de se o destinatario é a comunidade ou a escola, o papel nos procesos educativos dos materiais e recursos didácticos con referencia no local e con apoio dos municipios é un campo aínda sen investigar en profundidade e do que, sen embargo, comezamos a ter mostra da súa relevancia a través das experiencias existentes nas que as administracións públicas teñen apostado pola creación de recursos educativos (en Galicia atopamos referencias como o Proxecto Ulla Elemental, o Proxecto Terra, Climántica, o conxunto de materiais do Concello de As Pontes de García Rodríguez ou a Colección Santiago: Cidade Educadora) e tamén a través das implicacións dende o mundo académico (Area Moreira, Parcerisa Arán e Rodríguez Rodríguez, 2010; Schmidt e Braga García, 2006).

“A relación educativa intencional se establece na relación entre quen pretende educar e quen aprende. Esta relación se produce nun contorno ou ambiente de aprendizaxe e sérvese de recursos e materiais que fan de mediadores entre as intencións educativas e a consecución dos aprendizaxes. Polo tanto, o papel dos recursos e dos materiais didácticos é moi importante, posto que constitúen os medios que concretan os obxectivos educativos. [...] Hoxe en día, a institución escolar segue cumprindo unha función moi importante pero, a diferenza do que ocorría non fai demasiados anos, comparte a súa influencia educativa con outras institucións, os medios de comunicación, etc. a preocupación pola educación é actualmente moi ampla e son moitas as entidades e institucións que se preocupan e ofrecen actividades e recursos con obxectivos educativos” (Parcerisa Aran, 2010:11).

A preocupación por ofrecer recursos educativos tradúcense, neste caso, en materiais didácticos producidos nos concellos, cuxa diversidade de destinatarios, contidos e intereses favorece o

enriquecemento da educación tanto no ámbito social como escolar, no desenvolvemento profesional do profesorado e dos profesionais do ámbito comunitario, na atención ás diversas necesidades educativas e formativas que xorden en todo colectivo humano derivadas ou situadas en torno á escolarización homoxénea, ao requirimento intrínseco de socialización que precisamos como animais sociais ou na prevención dos riscos de exclusión e pobreza.

Na actualidade temos evidencias de que algunhas administracións locais están apoiando a creación de materiais didácticos contextualizados no territorio, pero descoñecemos o contexto discursivo no que se produce esta realidade. Manifestándose, dunha banda, a relevancia dos concellos na creación de materiais didácticos e, doutra banda, a evidencia do interese por estudar os materiais no ámbito municipal a través da avaliación dos propios recursos e da elicitación e representación do que fan e do que pensan os profesionais (políticos e técnicos) das administracións locais. Vinculando así un mellor coñecemento da situación coa mellora do proceso de creación de materiais didácticos dende o ámbito municipal.

Os resultados desta investigación permitirannos coñecer mellor as características pedagóxicas e as funcións dos materiais didácticos nos contextos educativos municipais, a través do estudo das políticas adoptadas pola administración local, así como dos materiais publicados e o seu uso. A proposta será de gran axuda no momento de pensar en atender á diversidade de situacións e contextos sociais existentes e contribuirá a abrir novas perspectivas de dinamización nos contornos comunitarios a través do emprego das TIC nos municipios da provincia de A Coruña.

2. OBXECTIVOS

En relación cos aspectos que se desexa indagar e coñecer trázase a seguinte meta de investigación: describir e comprender as accións adoptadas, funcións, procesos de elaboración e características dos materiais didácticos en soporte impreso e dixital creados co apoio da administración local. Este obxectivo xeral concrétese en sete obxectivos específicos que favorecen a identificación das partes que compoñen o problema obxecto de estudo e que se expoñen a continuación. Ademais, na ilustración nº 2 pode verse un mapa de relación entre problema, preguntas de investigación, obxectivos xerais e obxectivos específicos:

- Describir e analizar as accións educativas emprendidas polos Concellos galegos en relación coa elaboración e publicación de materiais didácticos.
- Clarificar o discurso ideolóxico que sustentan as Administracións Locais que apoian a produción de materiais didácticos.
- Analizar as implicacións económicas que se destinan en relación coa creación, elaboración, publicación, produción e difusión de recursos educativos dende a Administración Local na provincia de A Coruña.
- Elicitar e representar o pensamento dos profesionais e sectores implicados pola creación de materiais didácticos dende o ámbito municipal.

- Identificar os factores ou aspectos que interveñen no procesos de elaboración de materiais didácticos con apoio da administración local.
- Avaliar e catalogar os materiais didácticos de produción municipal que se poñan a disposición do estudio.
- Identificar debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades na creación de materiais didácticos dende as Administracións Locais.

3. HIPÓTESES DE INVESTIGACIÓN

A continuación exprésanse as ideas de partida que son resultado da particular visión e interpretación das distintas evidencias que atopáronse na revisión documental e que van a ser expostas en frases a modo de hipóteses que as conclusións da investigación inducirannos a confirmar, modificar ou rexeitar.


- **Hipótese 1: Na provincia de A Coruña existe unha gran pluralidade nas accións desenvolvidas polos diversos municipios en relación cos materiais didácticos.**

As administracións Locais na provincia de A Coruña parten de contextos socio-económico-culturais moi diversos e a xestión política está en diverso modo influída polos modelos organizativos da Administración Local. A unión destas dúas observacións da lugar a un mapa de políticas locais moi variado. No caso específico dos materiais didácticos, este mapa variado de políticas locais da lugar a unha situación de alta discrepancia entre os municipios que non teñen apoiado a creación de ningún material didáctico e aqueloutros municipios que son asiduos á práctica da creación de materiais didácticos. Os factores que se interpoñen entre un caso e outro aparentan ser a dispoñibilidade económica e a disposición para apoiar os materiais didácticos focalizados no territorio. Sendo así que entre un extremo e outro atopamos múltiples posibilidades.

- **Hipótese 2: O xeito de participación dos concellos pode resumirse en catro roles: potenciador habitual, potenciador esporádico, colaborador e inactivo.**

Dacordo co establecido na hipótese 1, sinálase a seguinte categorización para clasificar o rol asumido polos concellos galegos respecto da produción de materiais didácticos:

- Potenciador habitual: Concellos que mostran unha preocupación constante pola creación de materiais didácticos e que desenvolven políticas específicas a medio-longo prazo.
- Potenciador esporádico: Concellos que non teñen unha preocupación constante pola creación de materiais didácticos, pero que ante situacións puntuais desexan, con iniciativa propia, crear materiais didácticos.
- Colaborador: Concellos que non potencian a creación de materiais didácticos, pero que ante unha proposta externa están dispostos a participar, fundamentalmente dende un papel económico.



Fonte: elaboración propia

Ilustración n.º 2. Relación entre problema de investigación, preguntas de investigación e obxectivos

- Inactivo: Administracións Locais que nunca teñen participado na creación de materiais didácticos. Resulta difícil establecer porque non o teñen feito.

Establécese tamén unha relación entre periodicidade das políticas e a motivación das mesmas. Ao falar de motivación intrínseca ou extrínseca quérese facer referencia á procedencia dos fundamentos polos que é positivo elaborar materiais didácticos contextualizados. Enténdese que no caso dos Concellos colaboradores as persoas ou entidades externas que presentan a idea deben achegar tamén os motivos polos que esta é beneficiosa, sen embargo nos casos dos Concellos potenciadores, aínda que a idea sexa externa non precisa ser presentada xunto a unha fundamentación educativa. Se ben é certo, que presuponse que nos potenciadores habituais a xustificación está máis arraiga que nos potenciadores esporádicos.

➤ **Hipótese 3: A maior dificultade que afrontan as Administracións Locais para poder planificar a longo prazo proxectos educativos de apoio á creación de materiais didácticos é a falta de concreción das competencias obrigatorias en materia educativa.**

A Lei Reguladora de Bases de Réxime Local (LRBRL, 1985) non atribúe competencias obrigatorias en materia educativa ás Administracións Locais máis alá do mantemento de infraestruturas escolares e da dotación de determinados servizos como a existencia dunha biblioteca pública. Isto implica a falta de partidas orzamentarias específicas para a creación de materiais didácticos, o que a priori inflúe nas posibilidades de planificar accións a longo prazo e polo tanto desemboca na inexistencia de recursos específicos (ver ilustración nº 3).



Fonte: elaboración propia

Ilustración nº 3. Representación da secuencia hipotética desencadante da non existencia de competencias específicas.

A carencia dunha planificación estratéxica a medio – longo prazo para o apoio á creación de materiais didácticos pola administración local pode provocar que o traballo dos profesionais e das institucións que comparten un mesmo ámbito se desenvolva illadamente e sen un obxectivo común, o que á súa vez poderá derivar en traballo descoordinado, reiterativo, solapado e infrutuoso sobre unha mesma cuestión, mesmo eludindo responsabilidades ao quedar ociosos e lagoas. A planificación a longo prazo favorece a existencia de proxectos interdisciplinares e equipos multiprofesionais traballando cohesionados.

- **Hipótese 4: A creación de materiais didácticos non é unha prioridade para as Administracións Locais. Ao tempo, existe un maior interese e preocupación cando os concellos dispoñen dun técnico de educación.**

A maioría dos municipios teñen áreas ou departamentos de educación, pero para os políticos estas distan bastante de seren o obxectivo primordial da lexislatura e non soen ser as que dispoñen de maiores partidas orzamentarias. Se concretamos máis, dentro do ámbito educativo a creación de materiais didácticos non é un ámbito prioritario, senón que prevalecen outras accións que si son, explicitamente, competencias educativas dos municipios. Particularmente a xestión da conservación, reparación e mantemento de centros escolares públicos e a xestión de servizos como os comedores ou o transporte escolar. Unha situación de 'precariedade' na priorización de accións, que vese incrementada cando a Concellaría non é particular de educación, senón que comparte servizos con outras áreas como as de cultura e deporte.

Dentro da idiosincrasia dos concellos galegos nos que existe unha gran variabilidade do número de habitantes, do tipo de dedicación dos políticos ao seu cargo ou da existencia de persoal técnico, é esperábel que naqueles casos en que existe un técnico de educación, os Concellos mostren un maior interese e preocupación polo apoio á creación de materiais didácticos. Unha hipótese fundada en que os técnicos terán maior sensibilidade por aqueles aspectos que son obxecto de debate no seu ámbito profesional e académico.

- **Hipótese 5: Desempeñando funcións de deseño e elaboración de materiais didácticos hai unha diversidade de profesionais moi ampla e en moitos casos escasa de formación pedagóxica.**

Nesta hipótese susténtase que é difícil xeneralizar cal é o perfil formativo e profesional das persoas que desempeñan a función de deseño e elaboración do material didáctico cando este é producido pola Administración Local. Dunha banda, hai materiais didácticos que xorden dunha iniciativa do ente municipal, pero os Concellos non teñen persoal específico para o deseño de materiais didácticos, polo que esta función é asumida por un técnico (do departamento de educación ou doutros departamentos), por outro persoal laboral ou funcionario do Concello (por exemplo persoal de escolas infantís municipais ou persoal de museos municipais) ou por persoal externo contratado ex profeso.

Doutra banda, hai outros moitos materiais didácticos que proveñen de iniciativas externas á Administración Local nas que os principais actores soen ser principalmente profesorado do ámbito escolar, profesorado do ámbito universitario ou [membros de] asociacións. Indico estes e non outros porque na súa actividade diaria desenvolven iniciativas en relación coa ensinanza ou coa difusión e polo tanto próximas nalgúns casos ao interese de crear materiais didácticos específicos que, ás veces, resultan xeitosas e interesantes para seren publicadas por unha Administración Local.

Se ben resulta complexo delimitar os perfís profesionais, dentro de cada un dos colectivos sinalados atopámonos unha nova disparidade de perfís formativos. Soamente centrando-

nos no profesorado temos un amplísimo recorrido de titulacións, que non é menor respecto do persoal laboral ou funcionario dos Concellos, nin respecto do amplísimo espectro de asociacións. En definitiva, créese que vai resultar difícil determinar cales son os perfís profesionais e formativos das persoas que desempeñan as funcións de deseño e desenvolvemento de materiais didácticos apoiados pola Administración Local e que, en todo caso, o aspecto común será a escasa formación didáctica.

- **Hipótese 6: Na maioría de experiencias de apoio á creación de materiais didácticos por parte da Administración Local céntranse os esforzos na elaboración e deseño e descóidase a difusión.**

Ao longo da comunicación veño sinalando que nos Concellos galegos prevalece a diversidade. A diversidade respecto de calquera cousa, incluídos os modelos de elaboración de materiais didácticos. Atopáronos dende modelos moi completos con diversas fases a modelos simples que só se centren na elaboración, mais presúmese un punto en común: na meirande parte dos casos céntranse os esforzos na elaboración e na produción dos materiais didácticos, pero non se presta atención a todo o que significa difusión, distribución, formación para o seu uso, introdución en programas educativos...

- **Hipótese 7: Os materiais didácticos creados no ámbito municipal seguen estruturas semellantes aos recursos deseñados para o ámbito escolar.**

Martínez Bonafé (2002a, 15) preguntábase “teñen cambiado –moito ou pouco- os libros de texto en relación aos cambios sociais, culturais e educativos producidos nos últimos tempos?”. É posible que os libros de texto non teñan cambiado significativamente, pero os materiais didácticos creados dende os concellos son unha porta aberta para a adaptación ás realidades concretas sexan cales sexan os cambios sociais, culturais e educativos. Sen embargo, é real que os materiais didácticos producidos con apoio municipal dan resposta as novas necesidades e promoven procesos educativos máis abertos á adaptación? Ou se cadra existe unha correspondencia cos medios de ensinanza elaborados para o ámbito escolar na estrutura formal e de contidos?

É posible que esta correspondencia no aspecto formal sexa máis frecuente cando o material vai destinado a escolares ou a sistemas de formación regrados e que vencellemos a idea de material didáctico con aspectos curriculares, mentres que os recursos creados sen intencionalidade instrucional para ámbitos comunitarios recorran a outro tipo de formatos. Sospeito que os aspectos de fondo non serán tan semellantes en dobre medida: dunha banda, resulta factíbel que as persoas interesadas polo potencial de creación de materiais didácticos dende o ámbito municipal están sensibilizadas coas críticas aos libros de texto e, doutra banda, as temáticas e os contidos abordados son máis globais favorecendo o traballo por proxectos, metodoloxías máis activas e diversidade de tarefas. Compre pois valorar se o parentesco entre materiais didácticos creados no ámbito municipal e os deseñados para o ámbito escolar cinguese só ao formal, só ao fondo ou a forma e ao fondo, así como comprender a que se debe esta hipotética situación.

4. MOSTRA

A mostra do estudo sairá dos concellos galegos da provincia de A Coruña. No estudo global serán obxecto de análise os 93 concellos e no estudo en profundidade seleccionaranse aqueles que protagonicen prácticas recomendables (segundo o que se estableza como conceptualización adecuada de boas prácticas para esta investigación) ou sexan casos únicos no deseño, elaboración, publicación e/ou difusión de materiais didácticos.

Poderán complementar esta mostra outros informantes chave, non necesariamente vinculados aos municipios obxecto de estudo, como representantes políticos da Concellería de Educación, da Deputación Provincial da Coruña ou da FEGAMP ou como os profesionais das editoriais e os autores dos materiais didácticos.

5. METODOLOXÍA

A investigación divídese en catro fases de recollida e análise de información. Unha primeira fase de análise documental que da inicio ao proceso investigador e que permanece activa durante todo o estudo retroalimentándose pluridireccionalmente das fases empíricas. E tres fases de estudo empírico: rastrexo, estudo global e estudo en profundidade. A primeira destas tres ten como obxectivo tratar de precisar que administracións locais da provincia de A Coruña están realizando ou teñen realizado algún material didáctico en consonancia co referente conceptual manexado na investigación. O obxectivo da segunda é dobre, dunha banda, dispoñer dos materiais didácticos existentes para catalogalos e avalialos e a partir de aí elaborar unha guía de recursos existentes, e doutra banda, describir o corte xeral de actuación das administracións con relación á publicación de materiais didácticos. Finalmente, o obxectivo da terceira das fases empíricas é coñecer en profundidade as experiencias ou casos máis representativos da produción de materiais didácticos contextualizados na provincia de A Coruña.

6. RESULTADOS

Actualmente tense desenvolvido o estudo documentando, estando en proceso o estudo empírico e a piques de acadar os primeiros resultados no marco da catalogación dos recursos educativos e materiais didácticos existentes que tiveron sido planificados, deseñados, publicados e/ou divulgados por administracións locais da provincia de A Coruña. O estudo documental divídese en tres capítulos, un xeral de revisión da literatura que contempla os epígrafes: os contextos municipais ou comunitarios; concellos e educación; a dimensión educadora da sociedade e o papel dos materiais didácticos nos contextos comunitarios; o desenvolvemento profesional nos contextos comunitarios e a elaboración de materiais didácticos; un segundo capítulo de conceptualización e clasificación de medios, recursos e materiais didácticos que comeza pola revisión bibliográfica do concepto de material didácticos, continúa coa interpretación de medios e materiais didácticos e remata cunha referencia á clasificación e papel nos procesos educativos dos materiais didácticos no contexto comunitario; e un terceiro capítulo que relaciona as administracións locais coa creación de materiais didácticos,

en primeiro termo a través do marco normativo e das competencias transferidas á administración local e en segundo termo a través do esclarecemento do rol dos municipios nos procesos de elaboración de materiais didácticos. Unha primeira aproximación ao estudo documental foi defendido na comunicación “O papel dos concellos nos procesos de deseño, elaboración e difusión dos materiais didácticos” (Álvarez Seoane, 2011).

BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez Seoane, D. (2011). O papel dos concellos nos procesos de deseño, elaboración e difusión dos materiais didácticos. En D. Álvarez Seoane; L. Lodeiro; J. J. Lorenzo; T. Merelas; L. Rego; H. M. Rodríguez Cagiao e outros (coord), *II Congreso Galego de Investigación en Ciencias da Educación: Etapa de Posgrao* (641-649). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Area Moreira, M. (2004). *Los Medios y las Tecnologías en la Educación*. Madrid: Pirámide.
- Area Moreira, M.; Parcerisa Aran, A. y Rodríguez Rodríguez, J. (Coords.) (2010). *Materiales y recursos didácticos en contextos comunitarios*. Barcelona: GRAÓ.
- Bartolomé Pina, M. (1992). Investigación cualitativa en educación: ¿comprender o transformar? *Revista de Investigación Educativa*, 20(2), 7 – 36.
- Borrador del Libro Blanco para la Reforma del Gobierno Local en España. Orden APU/2648/2004, de 27 de julio (BOE, 4 de agosto de 2004)
- Candedo Gunturiz, M^a D.; Mosquera González, M^a J.; Ojea Pérez, R. e Rodríguez-Abella Gómez, X. M. (1990). Concellos e educación. En J. A. Caride (Dir.), *A Educación en Galicia. Problemas e perspectivas* (253 – 264). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Castro Rodríguez, M.; Ramos Fernández, R. e Rodríguez Rodríguez, J. (1996). *As Pontes: un concello na procura da súa identidade histórica. Elementos pedagóxicos para a súa identificación*. As Pontes de García Rodríguez: Concello de As Pontes / Endesa.
- Climántica: *Proxecto de Educación Ambiental Cambio Climático*. Disponible en: <http://climantica.org> [Consultado 10-09-2013].
- Johnsen, E. B. (1996). *El libro de texto en el caleidoscopio: estudio crítico de la literatura y la investigación*. Barcelona: Pomares-Corredor.
- Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local (BOE nº80, de 3 de abril).
- Ley Orgánica 1/1990, de 3 de octubre, de Ordenación General del Sistema Educativo (BOE nº238, de 4 de octubre).
- Martínez Bonafé, J. (2002a). *Políticas del libro de texto escolar*. Madrid: Morata.
- Martínez Bonafé, J. (2002b). ¿Cómo analizar los materiales? *Cuadernos de Pedagogía*, 203, 8-13.
- Martínez Bonafé, J. (1995). Interrogando al material curricular. En J. G. Mínguez e M. Beas (Coord.), *Libros de Texto y Construcción de Materiales Curriculares*. Granada: Proyecto Sur.
- Parcerisa Aran, A. (2010). Los materiales didácticos como recurso en la acción comunitaria. En M. Area, A. Parcerisa e J. Rodríguez (coord). *Materiales y recursos didácticos en contextos comunitarios*. Barcelona: Graó, pp. 15-30.

- Parcerisa Aran, A. (1996a). *Didáctica de la educación social: enseñar y aprender fuera de la escuela*. Barcelona: GRAÓ.
- Parcerisa Aran, A. (1996b). *Materiales curriculares. Cómo elaborarlos, seleccionarlos y usarlos*. Barcelona: GRAÓ.
- Pose Porto, H. (2006). *La cultura en las ciudades. Un quehacer cívico social*. Barcelona: GRAÓ.
- Proxecto Terra. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Disponible en: <http://proxectoterra.coag.es> [Consultado 10-09-2013].
- Ramos Fernández, R.; Castro Rodríguez, M.; Rodríguez Rodríguez, J. (1999). Profesores, Universidad y Ayuntamiento en un marco de colaboración para la elaboración de material didáctico. *Campo Abierto*, 16, pp. 137-150.
- Ramos Fernández, R.; Castro Rodríguez, M. e Rodríguez Rodríguez, J. (1996). *Roteiros pola Vila de As Pontes*. As Pontes de García Rodríguez: Concello de As Pontes / Endesa.
- Rodríguez Rodríguez, J. e García García, I. (2011). La elaboración de materiales didácticos en los contextos educativos municipales: el proyecto educativo Ulla Elemental. *Bordón. Revista de Pedagogía*, 63, 3, pp. 133-149.
- Rodríguez Rodríguez, J.; Castro Rodríguez, M. e Ramos Fernández, R. (1996). *As Pontes: un exemplo de desenvolvemento socioeconómico e industrial. Medios e Recursos para unha intervención socioeducativa no Concello*. As Pontes de García Rodríguez: Concello de As Pontes / Endesa.
- Schmidt, M. A. e Braga García, T. M. F. (2006). Recriando historias: A produção de materiais de ensino a partir da história local. En J. Rodríguez (Coord.): *A elaboración e adaptación dos materiais curriculares*. Santiago: Concello de Santiago de Compostela / Nova Escola Galega.
- Varela Morales, B. e Ferro Vázquez, Y. (1998a). *A Policía Local de Santiago de Compostela. 150 aniversario*. Colección: Coñecer Santiago. Cidade Educadora. Santiago de Compostela: Concello de Santiago de Compostela.
- Varela Morales, B. e Ferro Vázquez, Y. (1998b). *O Parque de Bombeiros*. Colección: Coñecer Santiago. Cidade Educadora. Santiago de Compostela: Concello de Santiago de Compostela.